

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 18 DE MAIO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o escudo do Concello de Valga (Pontevedra).
- Decreto polo que se aproba a bandeira do Concello de Valga (Pontevedra).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade duns restos da antiga estrada C-533 (actual PO-533) na súa marxe dereita (puntos quilométricos 7 + 970 e 8 + 310) e na súa marxe esquerda (puntos quilométricos 6 + 800 e 7 + 540) a prol do Concello de Dozón.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, cun único empresario, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración de equipamento para alumnado e profesorado no marco do proxecto Abalar-eDixgal.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cenlle, para a mellora da praza da Tenencia no núcleo de Cenlle, por un importe total de noventa e catro mil seiscentos trinta euros con setenta e un céntimos (94.630,71 €).

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se regula a composición e funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir os organismos de investigación de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións para a creación, posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/20, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, por importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións destinadas a confederacións, federacións e entidades de iniciativa social, non asociadas nin federadas, sen ánimo de lucro, para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014/20, e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018. Total: un millón quince mil cento cincuenta e oito euros (1.015.158 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017/18.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2016 e a súa convocatoria no ano 2017.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre o Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre as ordes de axudas á inserción laboral de persoas en risco de exclusión social.
- Informe sobre a convocatoria de axudas do Igape aos proxectos de investimento empresarial, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/20.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ESCUDO E A BANDEIRA DO CONCELLO DE VALGA

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe aos decretos que aproban a bandeira e o escudo do Concello de Valga, en Pontevedra.

Segundo vén definido no decreto, o escudo é azul, sobre ondas de prata (branco) e azuis. Por riba da ponte de ouro (amarelo), está o año de prata e, nos flancos, dúas cordas de ouro, cos seus extremos soltos. Ao timbre, a coroa real pechada.

Pola súa banda, a bandeira está conformada por un pano azul cun año branco, flanqueado por dúas cordas amarelas, cos seus cabos soltos. Terciado ao batente de amarelo, con tres farrapos azuis.

ESCUDO E BANDEIRA DE VALGA



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE DOZÓN DE DOUS TRAMOS ANTIGOS DA ESTRADA LALÍN-ALTO DO FARO

- *O treito atópase na marxe dereita da actual estrada PO-533, aproximadamente á altura dos puntos quilométricos 7+970 e 8+310 da vía autonómica*
- *A Consellería de Infraestruturas propuxo tamén ao concello a transferencia doutro resto da estrada PO-533, moi próximo ao solicitado e de similares características*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*


O Consello da Xunta aproba o decreto polo que se autoriza a transferencia ao Concello de Dozón de dous tramos antigos da estrada Lalín- Alto do Faro (PO-533). O treito atópase na marxe dereita da actual estrada PO-533, aproximadamente á altura dos puntos quilométricos 7+970 e 8+310 da vía autonómica. Ten 375 metros de lonxitude e comeza e remata nun camiño de servizo.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda propuxo tamén ao concello a transferencia doutro resto da estrada PO-533 moi próximo ao solicitado e de similares características: situado entre os puntos quilométricos 6+800 e 7+540, na súa marxe esquerda e cunha lonxitude de 602 metros.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades locais, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente.

Este cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes. Con esta transferencia, o Concello poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas.



A XUNTA APOSTA POR EXTENDER A EDUCACIÓN INTEGRAMENTE DIXITAL A ATA 10.000 ALUMNOS INTEGRADOS EN ABALAR NO CURSO 2017/18

- *Renovarase o equipamento naqueles centros que participen na iniciativa eDixgal para o ensino con contidos dixitais no próximo curso*
- *O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco que permitirá adquirir ata un máximo de 22.000 equipamentos portátiles nos vindeiros 2 anos para alumnos e profesores de centros integrados en eDixgal*
- *Ampliaranse os contidos dixitais coa incorporación de novos provedores e a participación do profesorado a través dun espazo de creación de contidos dixitais*
- *Estenderase a conexión á internet cun mínimo de 100 Mbps a todos os centros educativos públicos de primaria e secundaria no período 2017/18*

A Xunta de Galicia avanza na transformación do sistema educativo galego con novas medidas para consolidar unha educación integramente dixital. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe un acordo marco para a adquisición de ata 22.000 equipamentos portátiles durante os vindeiros 2 anos para alumnos e profesores daqueles centros que se integren na iniciativa eDixgal do Proxecto Abalar, que ofrece contidos curriculares dixitais completos para alumnos de 5º de primaria a 2º de secundaria.

A previsión é que no curso 2017/18 esta dotación de equipamento beneficie a ata 10.000 alumnos destes niveis educativos, incluíndo os pertencentes aos 107 centros que xa forman parte da iniciativa e os que se incorporen tras a convocatoria deste ano.

Familias, alumnos e profesores disporán dun servizo de soporte *Premium* deste equipamento as 24 horas o sete días da semana ben en liña ou telefónico.

Novos contidos dixitais

Ademais da dotación de equipamento que se recolle neste contrato, a futura estratexia de educación dixital para o horizonte 2020, que se presentará en breve, abrangue outras medidas como a incorporación de novos provedores de contidos dixitais, mediante concurso público, que se sumarán aos que actualmente ofrecen os provedores Netex e Edebé.

Ademais, prevese a creación dun espazo de creación de contidos educativos dixitais en que empresas TIC e audiovisuais galegas poñan á disposición dos docentes servizos innovadores para a creación de contidos dixitais.

Plan de formación e cultura dixital

Outra das medidas é o desenvolvemento dunha liña específica sobre competencia dixital nos plans de formación de profesorado nos centros educativos. Así mesmo,

elaborarase un plan de acompañamento de cultura dixital para as familias, dentro das accións das escolas de nais e pais.

Mellora da conectividade

A mellora das infraestruturas de telecomunicación é un aspecto clave na estratexia de innovación educativa. Neste momento máis do 460 centros públicos dispoñen de velocidades dun mínimo de 100 Mbps e durante 2017/18 estenderase esta velocidade aos 832 centros restantes. Esta medida permitirá que o 100 % dos centros educativos públicos de primaria e secundaria teñan acceso á internet a través de redes ultrarrápidas.

Investimento

O Goberno galego investirá un total de 27 millóns de euros no curso 2017/18 no desenvolvemento de todas estas liñas de actuación para consolidar a educación integramente dixital en Galicia.

MEDIO AMBIENTE DESTINA CASE 100.000 EUROS Á MELLORA DA PRAZA DA TENENCIA NO CONCELLO DE CENLLE

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a execución desta actuación, enmarcada no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra mellorarase a calidade de vida da poboación, construíndo un espazo seguro e accesible*
- *Esta mellora é acorde cun dos obxectivos do Plan hUrbe, promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cenlle para a mellora da praza da Tenencia no Concello de Cenlle, por un importe de case 100.000 euros (94.630 €).

Trátase dunha actuación recollida no marco do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que a actuación autorizada esta mañá é acorde con este obxectivo.

Neste caso concreto, a praza constitúe un espazo aberto de encontro e convivencia co que conta a poboación do núcleo de Cenlle. No lugar existe un cruceiro, e preto deste existe unha igrexa. Ambos os dous elementos están catalogados como bens de interese cultural (BIC).

O ámbito de actuación constitúe unha superficie de 1840 metros cadrados, de forma rectangular, que linda polo sueste coa estrada provincial OU-0303: Val de Pereira (OU-211) – Maside, que dá entrada e saída ao núcleo e na cal existe tamén un parque infantil. Estas circunstancias fan necesaria a actuación para dar seguridade aos seus usuarios.

Coa actuación, subvencionable ao 100% pola Xunta, preténdese a reestruturación integral da praza, respectando os elementos existentes e aumentando as áreas peonís, acoutando as zonas de circulación e aparcamento de vehículos. Trátase da renovación e ampliación de pavimentos, renovación da rede abastecemento de auga para as vivendas, dotación de rede de iluminación pública e mobiliario urbano.

Ademais de fomentarse a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo, tamén se promoven todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Cómpre lembrar que o convenio da actuación aprobado hoxe é o terceiro proxecto que a Consellería de Medio Ambiente leva a cabo neste concello, xa que en 2016 executouse a adecuación da praza da igrexa en Trasariz, por un importe de máis de 18.000 euros, e tamén a mellora dos accesos a Casar do Mato en Esposende, coa humanización de varias rúas por un importe de 14.000 euros. Ambas as actuacións finalizaron o pasado ano.

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é promover a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar os concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Esta actuación pon de manifesto os esforzos do Goberno galego por mellorar as vilas galegas; xa que no presente exercicio se executarán 15 actuacións en senllos concellos, o que se traduce nun orzamento de case tres millóns de euros.

A conselleira de Medio Ambiente recordou que desde o ano 2010 o investimento realizado na provincia de Ourense a través do Plan hUrbe ascende aos 10 millóns de euros, que permitiron financiar 64 actuacións, que no conxunto de Galicia elévase a 123 millóns de euros, para facer realidade 157 actuacións.

Cómpre recordar que este plan ten un triplo obxectivo, fomentar a humanización das vilas de Galicia, favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos e promover o reequilibrio territorial na nosa Comunidade, coa recuperación de espazos públicos.

APROBADO O INICIO DA TRAMITACIÓN DO CONSELLO ASESOR DA PAISAXE DE GALICIA

- *Trátase do primeiro organismo desta natureza con competencias en paisaxe que se pon en marcha na Comunidade galega, co que se equipara a Cataluña, Andalucía e Canarias*
- *A sociedade galega é cada vez máis consciente da importancia das paisaxes e da responsabilidade de preservalas, porque é un recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais*
- *Será o encargado de presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe en Galicia para levar á respectiva Administración pública ou órgano administrativo competente*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o inicio da tramitación do decreto polo que se creará o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, que será un órgano colexiado para a promoción e o desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas que poidan ter un impacto en materia de paisaxe na Comunidade Autónoma. Trátase do primeiro organismo destas características que se pon en marcha en Galicia, co que se equipara a outras comunidades (Cataluña, Andalucía e Canarias) que contan con entes moi similares.

O decreto regulará a composición e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia de paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencia no territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas, que poidan ter un impacto directo ou indirecto en materia de paisaxe en Galicia. Este estará adscrito á consellería competente en materia de ordenación do territorio.

Na composición deste consello asesor estarán representados a Administración autonómica, a local, as asociacións que teñan entre os seus fins a protección e mellora da paisaxe, as universidades galegas e os especialistas en paisaxe, coa finalidade de que amplos sectores da sociedade se atopen representados na defensa da paisaxe galega.

A sociedade galega é cada vez máis consciente da importancia das paisaxes e da responsabilidade de preservalas, porque é un recurso patrimonial incuestionable que participa do interese xeral nos aspectos ecolóxicos, culturais, económicos e sociais.

A paisaxe é un elemento fundamental da calidade de vida das persoas e por iso tamén debe ser o fiel reflexo dun territorio e dun ambiente de calidade, dunha sociedade moderna e consciente da importancia do seu patrimonio natural e cultural.

Este organismo será o encargado de presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe en Galicia para levar á respectiva Administración pública ou órgano administrativo competente; servir de foro para a posta en común das últimas iniciativas sectoriais e de investigación de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe; así como realizar informes, traballos técnicos ou calquera outra actuación en materia de paisaxe de Galicia que lle requira a Presidencia.

Tamén exercerá de órgano asesor e consultivo da Administración pública que o requira, para analizar, con carácter previo á súa aplicación, a adecuación de calquera política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe de Galicia; así como prestar o apoio requirido na programación das políticas comúns en materia de paisaxe en Galicia e analizar propostas concretas de actuación e regulación normativa que se lle eleven para o seu informe.

Este organismo dará resposta á necesidade de construír unha sociedade en relación harmónica co medio, onde prime o uso racional do territorio, o aproveitamento sustentable dos seus recursos, un desenvolvemento urbanístico respectuoso e o recoñecemento das funcións principais que xogan os ecosistemas naturais.

Por outra banda, o incremento de funcións do Instituto de Estudos do Territorio en materia de paisaxe, en especial, a de colaboración e coordinación nesta materia con outras administracións e sectores da sociedade, así como a recente aprobación dos Catálogo das paisaxes de Galicia, fan necesaria a creación dun órgano colexiado no que se poidan integrar as administracións públicas implicadas.

A esta realidade tamén hai que engadir a avaliación do estado de conservación das paisaxes de Galicia e a análise da súa previsible evolución e realización de propostas en materia de paisaxe que, xunto aos mandatos legais e á necesidade de integrar a consideración da paisaxe nas distintas políticas sectoriais, xustifican a posta en marcha deste organismo que permitirá contar co asesoramento dos expertos nos diferentes eidos do estudo da paisaxe e coa representación daqueles sectores da sociedade que reflectan a percepción da paisaxe existente na poboación. Deste xeito, propíciase unha adecuada coordinación da política en materia de paisaxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

A XUNTA DESTINA 5 MILLÓNS Á NOVA EDICIÓN DAS UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN COA QUE SE XERARÁN 60 EMPREGOS CUALIFICADOS

- *O Goberno galego reforza a súa aposta por estas iniciativas que impulsan a transferencia de innovación ao tecido industrial e buscan a atracción de empresas a Galicia*
- *As axudas, que contribuirán á mobilización de 17 millóns de euros, diríxense a agrupacións entre un organismo de investigación e unha compañía para a realización de actividades de I+D+i*
- *Desde 2014 puxéronse en marcha 24 unidades mixtas grazas a un apoio público de 23 millóns que mobilizou 84 millóns e permitiu a creación de máis de 360 empregos de alta cualificación*
- *Desenvolvéronse proxectos protagonizados por centros de coñecemento galegos e empresas líderes nos seus sectores como Gas Natural-Fenosa, Repsol, Roche Farma, Coren, Navantia ou Borgwarner*
- *A actuación enmárcase na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 coa que se está demostrando que as empresas atopan na Comunidade un ecosistema de innovación atractivo para investir*

A Xunta reforzará o programa de unidades mixtas de investigación convocando a cuarta edición desta iniciativa á cal destinará 5 millóns de euros en axudas públicas para o período 2017/20, co que se prevé unha mobilización de 17 millóns e a xeración de 60 empregos cualificados. As axudas están dirixidas ás agrupacións entre un organismo de investigación e unha empresa privada para a creación ou consolidación de proxectos que permitan a realización de forma conxunta e coordinada de actividades de I+D+i. Trátase, polo tanto, dunha iniciativa que favorece a cooperación entre as empresas e os centros de coñecemento.

A actuación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, tamén busca o impulso da transferencia da I+D+i ao tecido industrial galego e a atracción de empresas foráneas á Comunidade (unha de cada tres unidades mixtas están constituídas por empresas con domicilio social fora de Galicia). Estímase que con esta nova convocatoria cada euro público acade activar 2,4 euros do sector privado e que se logre un compromiso a longo prazo das empresas con Galicia ao decidir desenvolver na Comunidade a súa I+D+i, xa que atopan os apoios necesarios para o desenvolvemento deste tipo de actividades. Esta iniciativa enmárcase na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 coa que precisamente se están demostrando que as empresas atopan en Galicia un ecosistema de innovación atractivo para investir.

Desde 2014, nas tres convocatorias anteriores deste programa, puxéronse en marcha 24 unidades mixtas grazas a un apoio público de 23 millóns, que mobilizou 84 millóns,

e permitiu a creación de máis de 360 empregos de alta cualificación. Ata a data desenvolvéronse proxectos protagonizados por centros de coñecemento galegos e empresas líderes nos seus sectores como Gas Natural-Fenosa, Repsol, Roche Farma, Coren, Navantia, Vulcano, Borgwarner, Calvo ou Jealsa Rianxeira.

Nesta nova convocatoria os requisitos principais para as unidades mixtas serán que as áreas de investigación estean aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades da Estratexia RIS3, ter unha duración mínima de 3 anos, estar localizadas en Galicia, e constituídas por un único organismo de investigación e unha única empresa. O organismo de investigación ten que ser galego ou ter un centro de traballo na Comunidade. Así mesmo, préstase especial atención a aqueles proxectos en que participen pemes co obxecto de reforzar a competitividade do tecido empresarial galego.

A Xunta, con esta actuación, continúa apostando pola colaboración público-privada para impulsar proxectos de innovación con impacto no mercado. As unidades mixtas, neste senso, encádranse nun esquema de traballo similar ao do polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados de Rozas. O programa é tamén un dos piares para a captación e retención de talento en Galicia sumándose así a outras iniciativas como os programas Principia e Oportunius.

A XUNTA IMPULSA A INSERCIÓN SOCIO-LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE A TRAVÉS DE AXUDAS DESTINADAS A ENTIDADES

- *Esta orde de subvencións ten como obxectivo contribuír á mellora da empregabilidade deste colectivo a través do desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación*
- *O crédito inicial previsto para esta convocatoria supera o millón de euros*
- *A orde enmárcase na Estratexia galega sobre discapacidade 2015/20, na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero*

A Xunta de Galicia dotará dun novo impulso a inserción socio-laboral das persoas con discapacidade tras a nova convocatoria de subvencións aprobada hoxe en Consello, destinadas ás confederacións, federacións e entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de asesoramento e formación de persoas con discapacidade entre o 1 de abril 2017 e o 30 de xuño de 2018.

O obxectivo destas axudas é contribuír á mellora da empregabilidade mediante a adquisición de habilidades e capacidades prelaborais das persoas cun nivel de discapacidade superior ao 33 %, implementando accións sociais específicas e complementarias que se presentan con carácter xeral para a formación e o emprego.

Como novidade con respecto á anterior e primeira convocatoria desta liña de axudas, a orde procurará achegar as subvencións a un maior número de persoas con discapacidade permitindo o acceso aos programas formativos de todas aquelas persoas maiores de 16 anos e cun nivel de discapacidade igual ou superior ao 33% flexibilizando os requisitos de acceso con respecto á anterior convocatoria que limitaba o acceso a aquelas persoas cun grao de discapacidade comprendido entre o 33 e o 80% e unha franxa de idade comprendida entre os 21 e os 35 anos. Así mesmo, incentivarase a vinculación das actividades co medio rural, de xeito que contribúa ao mantemento do asentamento da poboación así como a unha maior visualización de valoración do contorno en que se vive.

A convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, está cofinanciada con fondos do Fondo Social Europeo nun 80% e con fondos da Xunta de Galicia nun 20%, chegando o crédito inicial previsto a 1.015.158 euros.

O carácter plurianual desta convocatoria dota da necesaria continuidade a unha medida que se desenvolverá durante os próximos tres anos mediante dúas novas convocatorias de axudas. A seguinte está prevista para o primeiro semestre de 2018.

Cómpre destacar que algúns dos proxectos de formación que xa se beneficiaron na anterior convocatoria destas subvencións contribuíron á preparación dos exames de acceso ás prazas de emprego público para persoas con discapacidade. O ano pasado a Xunta de Galicia ofertou 35 prazas para o colectivo, das que 12 foron destinadas a persoas con discapacidade intelectual.

Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

Esta iniciativa inclúese na ESGADI, en concreto, na liña estratéxica de formación e emprego, e incorpora de maneira transversal a perspectiva de xénero. Así mesmo, estas axudas están aliñadas co aumento da empregabilidade e produtividade dos traballadores galegos a través da formación e innovación constante; e co deseño dunha estratexia de integración social que mellore o benestar da cidadanía, ambos eixos do Plan estratéxico de Galicia 2015/20.

A XUNTA DESTINARÁ 16 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS DOUS ANOS Á MELLORA, AMPLIACIÓN E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

- *O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a convocar as correspondentes axudas, que se distribuirán de acordo con criterios obxectivos, fixados co consenso da Fegamp*

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) destinará un total de 16 millóns de euros nos próximos dous anos para a mellora, ampliación e mantemento de camiños municipais. Farao a través de subvencións directas aos concellos, que se distribuirán de acordo con criterios obxectivos, relacionados con aspectos como a poboación ou a ruralidade, establecidos co consenso da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a concesión destas achegas, que terán carácter bianual, a razón de 8 millóns de euros nas anualidades de 2017 e 2018. Por provincias, a repartición dos fondos (acordada coa Fegamp) é a seguinte: A Coruña, 4.979.631,67 euros; Lugo, 4.126.645,97; Ourense, 3.684.579,23 e Pontevedra, 3.207.816,21 euros.

Estas axudas son para zonas rurais, polo que quedan excluídos os perímetros urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico, das cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo e Ferrol. As achegas cubrirán o cen por cento dos gastos, agás o IVE, que será por conta dos concellos.

Proximamente publicarase a correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e os concellos disporán desde entón dun mes para presentar as súas solicitudes. Poderán tamén pedir un anticipo equivalente ao 50% do total da axuda pública. O prazo máximo para executar e xustificar as axudas remata o 30 de setembro do 2018. O obxectivo xenérico destas achegas é o de mellorar as condicións de vida da poboación rural. Trátase de favorecer a mobilidade dos seus habitantes e permitir acercar servizos, facilitando, así mesmo, a entrada e saída das producións rurais.

O pasado ano este Plan de mellora de camiños permitiu actuar nun total de 810 quilómetros de vías públicas na práctica totalidade do territorio galego. En total foron 293 os concellos que se beneficiaron da iniciativa, despois de que algún deles renunciase á axuda.

A XUNTA INCREMENTA DE NOVO AS SUBVENCÍONS DESTINADAS A FINANCIAR OS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS

- *O orzamento deste ano é un 3% superior ao consignado a este mesmo fin no pasado exercicio*
- *Con estas axudas, que se convocan por cuarto ano consecutivo, a Xunta reafirma a súa aposta pola formación do persoal das administracións públicas como garante dun servizo eficaz e de calidade*
- *O ano pasado financiáronse 12 plans de formación ao abeiro desta convocatoria, nos cales participaron case 5000 persoas*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao informe que dá conta da convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para este exercicio, un documento en que tamén se recolle o balance sobre a concesión destas axudas o pasado ano.

Estas convocatoria, dependente da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e que xa vai polo seu cuarto ano consecutivo, ten como principal obxectivo mellorar a formación dos empregados públicos como garantía dun servizo eficaz e de calidade.

O orzamento para 2017 ascende a 427.905 euros, o que supón un 3% máis que o pasado ano. Deste xeito, confírmase a aposta por esta iniciativa, que volve aumentar por segundo ano o seu financiamento, logo de que en 2016 tamén se incrementase a súa contía con respecto a 2015.

O prazo de presentación de solicitudes para estas axudas rematou o pasado 17 de abril. Recibíronse solicitudes das catro deputacións provinciais, da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), da mancomunidade da área intermunicipal de Vigo, e dos concellos de Pontevedra, Vilalba, Cangas e Arteixo. Actualmente estase analizando a documentación achegada.

Á hora de valorar as propostas, téñense en conta diversas cuestións, como que todas as actividades desenvolvidas deberán garantir a promoción da igualdade real e efectiva de homes e mulleres. Ademais, outorgarase maior puntuación aos plans formativos agrupados e a aqueles que inclúan actividades sobre a Lei de transparencia ou a Administración electrónica.

Balance de 2016

O informe aprobado hoxe polo Consello inclúe tamén un balance da execución destas axudas durante o pasado ano. En 2016, cun orzamento duns 415.000 euros, o Goberno autonómico financiou 12 plans de formación, que se traduciron nun total de 208 actividades formativas -con 5952 horas- nas cales participaron 4949 persoas.

Os beneficiarios do pasado ano foron as catro deputacións provinciais, a Fegamp, a mancomunidade da área intermunicipal de Vigo, e os concellos da Coruña, Ferrol, Pontevedra, Arteixo, Cangas e Santiago de Compostela.

A XUNTA IMPULSA O PLAN DE ACCESO DOS AUTOBUSES INTERURBANOS AO CENTRO DA CORUÑA PARA REFORZAR O ATRACTIVO DO TRANSPORTE PÚBLICO CON VIAXES MÁIS CURTAS E REDUCINDO OS TRANSBORDOS

- *Búscase aumentar os usuarios do autobús fronte aos do coche, mellorando así a mobilidade no contorno metropolitano e contribuíndo, ao mesmo tempo, a desconxestionar o tráfico e reducir a contaminación*
- *A iniciativa, que foi sometida a dous procesos de información pública, é resultado do consenso cos concellos e do diálogo con diferentes axentes económicos e sociais*
- *A Xunta acordou cos concellos os criterios obxectivos para permitir a entrada das liñas de autobús ao centro urbano para prestar un servizo máis útil e atractivo aos cidadáns*
- *O plan parte da necesidade de evitar unha incidencia negativa na fluidez de tráfico, para o cal se realizou un meticuloso estudo baseado en microsimulacións cos distintos nodos de maior intensidade de vehículos da cidade*
- *A Xunta porá en marcha o plan de forma gradual unha vez que teña as licenzas municipais para acometer as obras de adecuación das paradas, e realizará un seguimento do seu funcionamento*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro da Coruña, que ten por finalidade reforzar o atractivo do transporte público acurtando os tempos de viaxe e reducindo a necesidade de realizar transbordos. Conforme o informe presentado hoxe na reunión do Goberno galego, esta iniciativa pretende aumentar o número de usuarios do transporte público en detrimento do vehículo particular, mellorando así a mobilidade dos veciños da cidade da Coruña e dos municipios próximos e contribuíndo, ao mesmo tempo, á desconxestión de tráfico e á redución da contaminación.

O plan, no que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda comezou a traballar no ano 2015, foi sometido a dous procesos de información pública e é froito do consenso cos concellos do contorno metropolitano da Coruña, así como do diálogo con diferentes axentes económicos e sociais.

A iniciativa responde ao obxectivo de establecer criterios claros para permitir que os autobuses interurbanos que actualmente se dirixen única e directamente á estación de autobuses poidan acceder ao centro urbano da Coruña e realizar paradas, o que implica un menor número de transbordos e unha redución de tempos de viaxe para gran parte dos usuarios.

Ademais, o plan busca mellorar a conectividade do transporte interurbano co transporte urbano, ademais de mellorar a comodidade dos viaxeiros, o que repercute

nun incremento do atractivo da Coruña para os residentes dos núcleos veciños, así como diminuír a contaminación e a conxestión de tráfico na cidade.

O acceso e parada dos autobuses no centro da Coruña permitirá que o viaxeiro do transporte público interurbano chegue de forma máis áxil e cómoda aos destinos máis frecuentes e poida regresar ao lugar de orixe tamén desde as mesmas zonas.

Logo dunha minuciosa análise do total de fluxos de transporte público que acceden á cidade da Coruña, delimitouse o plan para permitir a entrada dos autobuses procedentes unicamente dos concellos que teñen unha maior relación de mobilidade coa urbe, todos eles integrados na Área de Transporte Metropolitano da Coruña, que se ve reforzado con esta iniciativa.

Orixe/ Destino	Orixe/ Destino	Total viaxeiros	% Total viaxeiros
A Coruña	Oleiros	1,099,499	25.73%
	Culleredo	965,197	22.59%
	Arteixo	701,438	16.42%
	Cambre	689,270	16.13%
	Sada	238,910	5.59%
	Betanzos	235,716	5.52%
	Carballo	93,472	2.19%
	Carral	90,362	2.11%
	Laracha	62,139	1.45%
	Bergondo	59,109	1.38%
	Abegondo	33,094	0.77%
Cerceda	4,760	0.11%	
Total		4,272,966	100.00%

A Xunta acordou con eses concellos os criterios obxectivos para seleccionar as liñas de autobús interurbano que accederán ao centro urbano da Coruña e que son as seguintes:

- Liñas con máis ocupación, tendo en conta que só 13 liñas concentran o 75% dos viaxeiros anuais que chegan á Coruña en autobús
- Liñas que teñan unha orixe a unha distancia inferior a 35 km da Coruña
- Liñas que teña unha ocupación media maior ao 50%
- Liñas que, aínda que non cumpren as características indicadas, prestan servizos en concellos da Área de Transporte Metropolitano da Coruña que non contén con liñas con acceso directo ao centro urbano segundo as características anteriores

Aplicando estes criterios de selección e acordando cos concellos implicados, selecciónanse 43 liñas (varias delas circulan unicamente fins de semana) que modificarán o seu percorrido de entrada e saída da cidade co obxectivo de prestar un servizo máis útil e atractivo para os cidadáns.

Puntos de parada


O plan establece, así mesmo, os puntos de parada máis acaídos para responder ás necesidades dos viaxeiros e á mellor conexión co transporte urbano, en función da orixe das expedicións:

Para o corredor oeste, é dicir, os autobuses que proceden da zona de Arteixo, establécense dúas alternativas:

- Se acceden pola avenida de Fisterra, as paradas estarán na praza de Pontevedra en sentido entrada, e en Juan Flórez en sentido saída.
- Se acceden pola avenida de Arteixo, pararán, tanto en sentido entrada como saída, na Costa da Palloza, en Linares Rivas-Praza de Ourense e en Entrexardíns.

Para o corredor centro, é dicir, os autobuses procedentes da zona de Culleredo, establécense as paradas: en Alfonso Molina-estación de autobuses (en sentido entrada); na Costa da Palloza (en sentido entrada e saída); en Linares Rivas-praza de Ourense (sentido entrada) e en Entrexardíns (entrada e saída).

Finalmente, para o corredor Leste, procedente de Oleiros e co maior número de expedicións, establécense as seguintes paradas: Costa da Palloza (sentido entrada e saída); Linares Rivas, praza de Ourense (entrada porto) en sentido entrada; e Entrexardíns (sentido entrada e saída).



Para facilitar o funcionamento eficaz desas paradas, a Xunta e o Concello da Coruña acordaron a necesidade de executar obras de adecuación nos puntos escollidos de Costa da Palloza (responsabilidade da Administración local), en Linares Rivas e en Entrexardíns (ambas responsabilidade da Xunta).

Sen afección ao tráfico

O Plan de accesibilidade do transporte interurbano ao centro urbano da Coruña responde tamén á premisa de evitar unha incidencia negativa na fluidez de tráfico, para o cal se realizou un meticuloso estudo baseado en microsimulacións cos distintos nodos de maior intensidade de vehículos da cidade (praza de Pontevedra, praza de Ourense e Catro Camiños) en hora punta e contando con todas as expedicións de autobuses (escolares, urbanos, interurbanos e especiais). Ese estudo acredita que a incidencia do plan no tráfico da cidade é insignificante e mesmo positiva na medida en que contribúa a reducir a circulación de vehículos particulares.

Cómpre ter en conta, ademais, que actualmente 44 expedicións de autobús realizan a diario parada no centro urbano na franxa horaria de maior tráfico, entre as 7 e as 9 da mañá, e o plan non prevé un incremento significativo desa cifra nese período.

AUTOBUSES INTERURBANOS NO CENTRO DA CIDADE		
FRANXAS HORARIAS	SITUACIÓN ACTUAL	SITUACION FUTURA- PLAN ACCESIBILIDADE
7:00 - 9:00	44	51
13:00 -15:00	0	43
18:00 -20:00	0	46

Posta en marcha gradual

A Xunta de Galicia está en disposición de poñer en marcha este plan de forma gradual unha vez que dispoña das licenzas municipais preceptivas para a realización das obras de adecuación necesarias nas paradas.

Unha vez estea posta en marcha realizarase un seguimento continuo do seu funcionamento para garantir os seus óptimos resultados e introducir as modificacións necesarias.

A XUNTA ACTIVA UN PROGRAMA PARA IMPULSAR A INSERCIÓN LABORAL DE 900 PERSOAS QUE SE ATOPEN EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

- *A iniciativa, cun orzamento de 7,6 millóns, inclúe axudas a concellos para a contratación de perceptores da Risga, incentivos á contratación dirixidos a pemes para empregar persoas en risco de exclusión social e outros colectivos desfavorecidos e apoios para empresas de inserción laboral*
- *Os concellos deberán primar, á hora de contratar, beneficiarios da Risga que teñan xa asignado un proxecto para acceder ao mercado laboral, maiores de 45 anos ou que teñan cargas familiares*
- *Os apoios para pemes en contratacións indefinidas poderán alcanzar os 10.000 euros incrementándose nun 25% no caso de que sexan mulleres, pertenza a unha familia con todos os seus membros en paro ou a firma estea afincada no rural*
- *As axudas ás empresas de inserción laboral recollen este ano as principais demandas do sector como é unha nova liña de apoio específica para a formación de persoas en proceso de inserción ou o aumento da duración máxima dos contratos*
- *A actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego destina este ano 22 millóns de euros para promover a integración e calidade no traballo dos colectivos máis vulnerables*

A Xunta activa un programa para impulsar o emprego inclusivo con 7,6 millóns de euros co que se prevé beneficiar a 900 persoas en risco de exclusión social. A actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, destina este ano 22 millóns de euros para promover a integración e calidade no traballo dos colectivos máis vulnerables.

Este programa inclúe tres liñas de axudas diferentes: apoios ás entidades locais para a contratación de perceptores da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) cun orzamento de 5,7 millóns de euros; incentivos a pequenas e medianas empresas (pemes) para a contratación de persoas en risco de exclusión social e outros colectivos desfavorecidos, con 1,5 millóns; e apoios para as empresas de inserción laboral ás cales se dedican preto de 380.000 euros.

As axudas para a contratación de perceptores da Risga teñen como obxectivo proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitarlles a súa inserción laboral. Este ano, como novidade, a través desta convocatoria os concellos deberán primar, á hora de contratar, persoas beneficiarias da Risga que teñan xa asignado un proxecto de inserción de carácter laboral; maiores de 45 anos; e os que teñan cargas familiares. Os concellos con estes apoios deberán contratar os beneficiarios por un período mínimo de 7 meses.

A segunda das liñas céntrase en incentivos para a contratación de persoas en risco de exclusión social e outros colectivos desfavorecidos, incluíndo apoios á contratación indefinida inicial e á temporal. As indefinidas fináncianse con ata 10.000 euros, en función da taxa de estabilidade que acade a empresa, e as temporais cunha axuda de entre 2500 e 5000 euros, en función da duración do contrato. Estes incentivos terán un incremento do 25% no caso de que as contratacións estean dirixidas a mulleres, a un concello rural ou a unha familia con todos os membros desempregados. A transformación de contratos temporais en indefinidos incentivaranse con 2000 euros.

En canto aos apoios ás empresas de inserción laboral, que en Galicia defenden os intereses das persoas en situación de risco de exclusión social a través da inserción laboral, chegan este ano aos preto de 380.000 euros. A actuación vai dirixida non só ás empresas de inserción laboral, senón tamén a entidades sen ánimo de lucro e fundacións, aínda que os destinatarios finais destas axudas son as persoas desempregadas en risco de exclusión.

A convocatoria introduce melloras, unha vez escoitadas as principais demandas do sector. Deste xeito, aumenta a duración máxima dos contratos de inserción, pasando de dous a tres anos; increméntase o custo das axudas á asistencia técnica (realización de auditorías contables, sociais ou certificacións de calidade), pasando do 50 % ao 80%; introdúcese unha nova liña de axudas específica para a formación de persoas en proceso de inserción, e financiarase ao 100% o custo dos servizos ata o límite máximo de 3000 euros por empresa de inserción laboral.

Para ser beneficiarios destes apoios da Xunta, cada empresa deberá ter unha porcentaxe de persoas en inserción do 30% respecto do total do cadro de persoal e non se apoiarán as contratacións inferiores ao 50% da xornada laboral nin inferiores a 6 meses.

Un colectivo prioritario

As persoas en risco de exclusión social son un colectivo prioritario en todas as políticas activas de emprego da Xunta. Nesta liña, a Consellería de Economía, Emprego e Industria está primando este ano a creación de postos de traballo dos que máis o necesitan cunha maior intensidade de axuda para os colectivos con máis dificultades para acceder ao emprego.

O Goberno galego conta, ademais, con axudas específicas para incentivar a contratación por conta allea dos colectivos con maiores dificultades de inserción como son os apoios para a integración laboral na empresa das persoas con discapacidade e para os centros especiais de emprego. O Goberno galego impulsa o mantemento das súas instalacións axudándolles a afrontar os custos salariais dos seus traballadores.

Para acadar un verdadeiro emprego inclusivo e loitar contra a discriminación laboral dos colectivos máis vulnerables, a Xunta colabora coas entidades máis representativas do sector para seguir incrementando as oportunidades laborais daqueles que máis o precisan e, polo tanto, seguir favorecendo o acceso destas persoas ao mercado laboral.

O PROGRAMA GALICIA INVISTE DA XUNTA MOBILIZARÁ 44 MILLÓNS DE EUROS CO OBXECTIVO DE IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DE 150 PEMES

- *A través desta iniciativa apoiarase a creación e mantemento de emprego con axudas que poden cubrir ata o 35 % de proxectos comprendidos entre os 50.000 e os 900.000 euros*
- *As compañías poderán investir en maquinaria e bens de equipamento para ampliar, modernizar ou diversificar a actividade produtiva, así como en obra civil*
- *A Xunta aprobou a través da anterior convocatoria deste programa e do de Incentivos Rexionais que xestiona o Igape 55 proxectos de compañías que empregan a preto de 2000 traballadores e que mobilizan investimentos empresariais por máis de 30 millóns*
- *Nove de cada dez proxectos aprobados na anterior edición do Galicia Inviste son do sector industrial, e o 75% correspóndense con empresas pequenas*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria tamén está a promover o Plan de captación de investimentos, que busca facilitar a chegada de empresas e de capital, así como a incorporación de novos sectores para que o tecido empresarial gañe en competitividade*

A nova convocatoria do programa Galicia Inviste, dotada con 6,3 millóns de euros en axudas directas, permitirá mobilizar investimentos por 44 millóns de euros en arredor de 150 pequenas empresas, impulsando así a súa competitividade e a creación de riqueza e emprego na Comunidade.

A través desta iniciativa, impulsada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, concederanse apoios que poden cubrir ata o 35% dos investimentos comprendidos entre 50.000 e 900.000 euros na industria manufactureira ou extractiva, de xestión e valorización de residuos, loxística, hostalaría, sector TIC ou servizos técnicos. Coa nova convocatoria, de próxima publicación, as empresas poderán investir en maquinaria e bens de equipamento para ampliar, modernizar ou diversificar a actividade produtiva, así como realizar investimentos en obra civil no caso de proxectos xeradores de emprego.

Os proxectos con investimentos superiores a 900.000 euros, que reciben apoio a través do Programa de incentivos rexionais do Ministerio de Facenda, tamén se tramitan en Galicia a través do Igape. Durante os últimos quince meses, prazo en que estivo a anterior convocatoria do programa Galicia Inviste aberta á presentación de solicitudes, aprobáronse a través destes dous programas complementarios 55 proxectos de grandes investimentos en Galicia que mobilizan máis de 30 millóns de euros en compañías que empregan a preto de 2000 traballadores.

Ao abeiro da convocatoria anterior do programa Galicia Investe, en que o prazo de solicitude rematou o pasado 31 de marzo, aprobáronse polo de agora 48 proxectos de empresas que empregan a máis de 1400 traballadores, concedendo 2 millóns de euros en axudas que mobilizan investimentos de preto de 14 millóns de euros. De xeito complementario, durante os últimos 15 meses concedéronse a través do Programa de incentivos rexionais do Ministerio de Facenda máis de 2,4 millóns de euros para apoiar uns investimentos de preto de 16,4 millóns de euros que recollen a creación ou o mantemento de máis de 440 postos de traballo. Nove de cada dez proxectos aprobados corresponden á industria e, de maneira especial, á pequena empresa (75% dos casos). Nestes momentos, segue o proceso de avaliación dos expedientes presentados.

Estes programas de axudas directas complementáanse co Galicia Emprende, para apoiar proxectos de autónomos, emprendedores ou pemes de recente creación, e cos instrumentos de financiamento do programa Galicia 1000, que prevé apoiar 3000 empresas este ano.

O programa Galicia Investe tamén contribúe a completar a aposta polo tecido empresarial que a Xunta está a realizar a través do novo Plan de captación de investimentos, co que busca facilitar a chegada de novas empresas e de capital, así como a incorporación de novos sectores que favorezan o fortalecemento e a mellora da competitividade do tecido empresarial localizado na Comunidade galega.

Dentro deste novo plan, enmárcase a futura Lei de implantación empresarial, orientada a facilitar a chegada de actividade industrial con iniciativas como a simplificación administrativa para a implantación do proxecto; axudas e apoios a actividades empresariais; e medidas específicas de dinamización de áreas empresariais. Nesta liña, tamén se encontra a proposta realizada pola Xunta á Federación Galega de Municipios e Provinciais (Fegamp) para que impulsen incentivos e faciliten a adquisición do solo empresarial de titularidade municipal, ao tempo que favorecen a simplificación dos trámites administrativos e reducen os impostos e taxas ás empresas.

Os concellos que se adhiran ao convenio promovido pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, que busca impulsar a interlocución entre as administracións, poderán contar co distintivo *Concello Doing Business* e beneficiarse de medidas desenvolvidas pola Xunta, como ter prioridade nas ordes de axudas a parques empresariais e viveiros industriais, así como nos plans de eficiencia enerxética.